



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O Consello da Xunta de Galicia desta semana deu o seu visto e prace á resolución da convocatoria de bolsas para a realización de **estadías de investigación** no estranxeiro ou en centros españois fóra de Galicia por parte de investigadores e técnicos contratados polos centros tecnolóxicos e organismos públicos de investigación con centros radicados en Galicia.

O obxectivo desta convocatoria é **favorecer a mobilidade do persoal investigador e técnico** co fin de actualizar os seus coñecementos, adquirir novas técnicas de investigación e completar a súa formación académica. Isto posibilita, por un lado, **desenvolver a carreira profesional** deste persoal a nivel internacional e, por outro lado, apoiar a presenza de investigadores e técnicos do Sistema galego de I+D+i en **redes de coñecemento de referencia internacional**, uns obxectivos que se alían co Plan I2C e a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3).

Na convocatoria de 2015 destas bolsas destínanse **223.784€** á concesión de **49 bolsas de mobilidade**. A dotación media de cada bolsa é de 4.567€ e a duración, de 2,3 meses.

No periodo 2009-2015 a Axencia Galega de Innovación, anteriormente Dirección Xeral de I+D+i, concedeu 478 bolsas de estadías en centros de investigación de recoñecido prestixio. O importe total destas axudas ascendeu a **2,7 millóns de euros**, cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



XUNTA
DE GALICIA

Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixas pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.